

Á DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA

Isabel Vilalba Seivane, con DNI XXXXXXXX-X e domicilio a efectos de notificación en rúa Ofelia Nieto 13-23, 15705-Santiago de Compostela, en calidade de secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG), organización agraria integrada a nivel internacional en La Vía Campesina:

EXPÓN:

1. O Estado Español, no seo da Unión Europea, está a participar nunhas negociacións con Estados Unidos para asinar un tratado de libre comercio coñecido polas súas siglas en inglés como TTIP (*Transatlantic Trade and Investment Partnership*).
2. Como organización agraria que representa e defende os intereses dos labregos e labregas de Galiza, dende o SLG vemos con fonda preocupación a consecución do TTIP porque resultaría extremadamente lesivo para os nosos sectores agrarios e gandeiros polos motivos que, de seguido, enumeramos:
 - **2.1. Competencia desigual:** Nos Estados Unidos, as granxas predominantes son de tipo industrial e o seu tamaño medio é 13 veces superior á media europea. De feito, hai 2 millóns de granxas nos EEUU fronte aos 13 millóns cos que conta a UE. A desigualdade con Galicia sería aínda máis acusada, pois o tamaño medio das nosas explotacións é menor que o europeo. Ademais, as explotacións galegas e europeas temos unha normativa medioambiental e sanitaria moito máis estrita. En resume, as granxas norteamericanas, moito máis grandes e concentradas, comercializando a través de grandes corporacións, sen ter que cumprir as mesmas normativas sanitarias e ambientais, e sen os aranceis que agora protexen as nosas producións, varrerían, literalmente, centos de miles de explotacións e sectores produtivos enteiros na Unión Europea. No caso concreto de Galicia, sería a fin para sectores produtivos como o da carne de vacún, esencial para o manter o tecido socio-económico das zonas rurais máis desfavorecidas do país; e sometería a unha competencia insuperable a calquera produción alimentaria de pequena e mediana escala, como as que caracterizan a agricultura e gandería galegas.
 - **2.2. Alimentos de calidade diferenciada:** Unha das esixencias dos Estados Unidos en materia alimentaria é a eliminación das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas para poder producir libremente en Estados Unidos estes alimentos de calidade fóra da súa área xeográfica. Desa maneira, a industria alimentaria estadounidense podería producir, elaborar e comercializar libremente dende Queixo de Tetilla a viños Rías Baixas, por só citar dous exemplos, con só cumprir as esixencias técnicas na súa elaboración. Esta medida suporía para Galicia, con 28 denominacións de calidade diferenciada, a destrución de sectores produtivos enteiros como o vinícola.
 - **2.3. Transxénicos:** Agora mesmo, na Unión Europea é obrigatorio informar na etiquetaxe dos alimentos e pensos se conteñen transxénicos ou non, e cada Organismo Xeneticamente Manipulado (OXM) ten que pasar un test de seguridade e ser aprobado pola Autoridade de Seguridade Alimentaria. Os Estados Unidos, maior produtor de transxénicos do mundo, están a presionar para eliminar esta normativa que consideran restritiva para poder introducir libremente na Unión Europea sementes e alimentos manipulados xeneticamente. Isto suporía para Galiza e a Unión Europea a indefensión total dos nosos sectores agrarios fronte á contaminación transxénica por polinización cruzada, a fin da agricultura ecolóxica e unha ameaza para a saúde e a liberdade de elección dos consumidores e consumidoras.
 - **2.4. Carne tratada con hormonas e cloro:** Nos Estados Unidos, as vacas producen até un 10% máis de leite que as súas curmás europeas grazas á Somatotropina Bovina Recombinante, unha hormona transxénica de Monsanto relacionada co cancro de mama, de próstata e de colon nas persoas. En canto á produción de carne, hai autorizadas 6 hormonas esteroides coas que os becerros engordan até un 15% máis.

Cos porcos acontece outro tanto pero cunha droga chamada Ractopamina que fai aumentar a súa masa muscular e que está prohibida en 150 países, incluída a UE. En canto aos polos, desinféctanse con cloro antes de comercializarse. Estas carnes con hormonas ou cloro están, agora mesmo, prohibidas na Unión Europea. Nas negociacións, a industria cárnica estadounidense está a ser intransixente neste particular e négase a ceder polo que, de ir cara a adiante o acordo, Europa debería eliminar tamén as prohibicións a este modelo produtivo tan insán e perigoso para a seguridade alimentaria.

- **2.5. Seguridade alimentaria:** Na Unión Europea, existe un principio de precaución que esixe probas científicas dos produtos antes de ser comercializados. Ademais, a Lei Reach permite á Axencia Europea de Químicos poñer restricións na produción, comercialización e uso destes produtos para protexer a saúde pública e o medio ambiente. Pola contra, nos EEUU as normas sobre químicos son máis laxas e seguen comercializando uns 30.000 produtos asociados a doenzas e enfermidades como cancro de mama e testicular, infertilidade masculina, diabeite e obesidade.
- **2.6. Indefensión absoluta dos nosos sectores agrarios e gandeiros:** Unha das pedras angulares do TTIP será o o Investor-state dispute settlement (ISDS), unha caste de tribunal de ámbito supranacional que se encargaría de resolver litixios entre inversores e países, e que estaría por riba das leis e tribunais de cada estado. Evidentemente, tódolos regulamentos europeos sobre etiquetaxe de transxénicos, comercialización de carnes cloradas e hormonadas, uso de produtos químicos nocivos para o medio ambiente e a saúde humana, etc. danarían os intereses das empresas norteamericanas, polo que o acordo só pode ser posible se a Unión Europea cede; en caso contrario, e habendo tratado comercial, a UE ou o país que manteña calquera normativa de protección sobre os seus sectores agrarios e gandeiros ou sobre seguridade alimentaria, tería que compensar a conta do erario público con indemnizacións millonarias ás empresas afectadas. Ou iso, ou deixar completamente desprotexidos os nosos sectores agrarios e gandeiros, que non terían nada que facer contra a potente industria alimentaria estadounidense.

POR TODO O EXPOSTO, SOLICITA:

- Que o Goberno Español adopte unha postura negativa e de rexeitamento ao TTIP (*Transatlantic Trade and Investment Partnership*) diante das institucións europeas pola ameaza real que suporía a súa consecución para a agricultura, a gandería e a seguridade alimentaria de Galiza, das diversas comunidades do Estado Español e, por extensión, de toda a Unión Europea.

N'A Coruña, a 16 de abril de 2015

Asinado: **Isabel Vilalba Seivane**,
secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas

DELEGADO DO GOBERNO EN GALICIA